**Comité Intercentros**

# RETRIBUCIÓNS

Queremos aportarvos a medio diste documento e de xeito resumido, información relativa ó proceso de negociación que estamos desenvolvendo na MESA DE RETRIBUCIÓNS. Damosvos conta das materias que se negocian e dos criterios que utilizamos no Comité en cada caso.

## Materias de negociación

Nas propostas elaboradas polo Comité Intercentros e a Xunta de Persoal Funcionario incluímos como materias de negociación dende a perspectiva das retribucións, pois son capítulo I dos orzamentos da Universidade as seguintes:

- Paga compensatoria ou productividade
- Recuperación do poder adquisitivo
- Retribucións complementarias.

Ás que a xerencia sumou,

- Formación
- Acción social

A continuación incorporamos comentarios, criterios e cadros numéricos de cada unha das materias.

### *Paga compensatoria ou productividade*

Inclúese por por primeira vez nos orzamentos da Universidade de Vigo no ano 1.994. Os criterios de distribución e o cálculo das cantidades que correspondían ó persoal laboral foron distintos cada ano, ate que a partir de 1.998 se simplifica e se homoxeiniza coas cantidades percibidas polo persoal funcionario. A súa evolución dende o ano 97 ó 2000 queda reflectida no seguinte cadro.

| | ANO 1997 | | ANO 1998 | | | ANO 1999 | | | ANO 2000 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Efect | Imp paga | Efect | Imp paga | Incr % | Efect | Imp paga | Incr % | Efect | Imp paga | Incr % |
| Laborais | | | | | | | | | | | |
| Grupo I | 19 | 100.000 | 19 | 199.352 | 99 | 19 | 205.133 | 3 | 23 | 178.486 | -13 |
| Grupo II | 0 | 100.000 | 0 | 186.949 | 87 | 0 | 192.184 | 3 | 1 | 167.303 | -13 |
| Grupo III | 48 | 100.000 | 48 | 174.546 | 75 | 48 | 179.433 | 3 | 134 | 156.120 | -13 |
| Grupo IV-V | 154 | 100.000 | 154 | 162.143 | 62 | 154 | 166.683 | 3 | 95 | 144.939 | -13 |
| | | | | | | | | | | | |
| Suma total | | | 221 | 37.135.918 | | 221 | 38.179.493 | 3 | 253 | 38.961.766 | 2 |
| Importe medio | | | | 168.036 | | | 172.758 | | | 153.999 | |

Nos documentos presentados pola Xerencia na MESA DE RETRIBUCIÓNS, relativos ó cálculo da paga de productividade, distingue dous aspectos: o deseño dun plano xeral da avaliación da calidade dos servicios e a administración universitaria, e con carácter complementario, a fixación dunha retribución anual non vencellada ós resultados da avaliación e que teña por obxecto compensar a perda do poder adquisitivo.

### *Recuperación do poder adquisitivo*

A perda do poder adquisitivo dos empregados públicos é permanente dende os anos 90. Por outra parte o recoñecemento, aínda non firme, por parte da Audiencia Nacional da obriga do Goberno de cumprir cos acordos entre a Administración e os Sindicatos, permitenos pensar que a recuperación dos salarios dende o ano 97 é posible. No seguinte cadro pode apreciarse, salvo erro, a evolución dos salarios e a perda que significa para cada unha das categorías ou postos.

| CATEGORÍA | SALARIO 97 | PERDA IPC 1,9% | SALARIO 98 | PERDA IPC -0,2% | SALARIO 99 | PERDA IPC 2% | SALARIO 2000 | PERDA IPC 2% | PERDA IPC 97-2000 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DIREC. SS INFORMÁTICOS | 5.480.456 | 104.129 | 5.480.456 | -10.961 | 5.598.015 | 111.960 | 5.712.260 | 114.245 | 319.373 |
| ANALISTA | 4.426.367 | 84.101 | 4.426.367 | -8.853 | 4.521.314 | 90.426 | 4.613.586 | 92.272 | 257.946 |
| TÉC.SUP. AA DEPORTIVAS | 3.953.727 | 75.121 | 3.953.727 | -7.907 | 4.038.536 | 80.771 | 4.120.955 | 82.419 | 230.403 |
| TÉC. SUP. AA CULTURAIS | 3.596.573 | 68.335 | 3.596.573 | -7.193 | 3.673.721 | 73.474 | 3.748.695 | 74.974 | 209.590 |
| TÉC. SUP. RR INTERNACIONAIS | 3.596.573 | 68.335 | 3.596.573 | -7.193 | 3.673.721 | 73.474 | 3.748.695 | 74.974 | 209.590 |
| TÉC. SUP. OFICINA I+D | 3.596.573 | 68.335 | 3.596.573 | -7.193 | 3.673.721 | 73.474 | 3.748.695 | 74.974 | 209.590 |
| TIT. SUP. MICROSCOPÍA | 3.953.727 | 75.121 | 3.953.727 | -7.907 | 4.038.536 | 80.771 | 4.120.955 | 82.419 | 230.403 |
| TIT. SUP. ANÁLISE INSTRUMENTAL | 3.953.727 | 75.121 | 3.953.727 | -7.907 | 4.038.536 | 80.771 | 4.120.955 | 82.419 | 230.403 |
| TIT. SUP. TELEDETECCIÓN | 3.596.573 | 68.335 | 3.596.573 | -7.193 | 3.673.721 | 73.474 | 3.748.695 | 74.974 | 209.590 |
| TÉC. SUP. PREVENCIÓN | 3.596.573 | 68.335 | 3.596.573 | -7.193 | 3.673.721 | 73.474 | 3.748.695 | 74.974 | 209.590 |
| TÉ. SUP. SERV. XERAIS INVESTIGACIÓN | 3.596.573 | 68.335 | 3.596.573 | -7.193 | 3.673.721 | 73.474 | 3.748.695 | 74.974 | 209.590 |
| GRUPO II | | | | | | | | | |
| ENXEÑEIRO TÉCNICO | 3.372.951 | 64.086 | 3.372.951 | -6.746 | 3.445.308 | 68.906 | 3.515.615 | 70.312 | 196.559 |
| XESTOR AA CULTURAIS | 3.015.798 | 57.300 | 3.015.798 | -6.032 | 3.080.488 | 61.610 | 3.143.355 | 62.867 | 175.745 |
| GRUPO III | | | | | | | | | |
| TÉC. ESP. INFORMÁTICA | 3.266.716 | 62.068 | 3.266.716 | -6.533 | 3.336.788 | 66.736 | 3.404.886 | 68.098 | 190.368 |
| TÉC. ESP. INFORMÁTICA | 2.939.907 | 55.858 | 2.939.907 | -5.880 | 3.002.969 | 60.059 | 3.064.254 | 61.285 | 171.323 |
| TÉC. ESP. XARDINERÍA E ZONAS VERDES | 2.436.922 | 46.302 | 2.436.922 | -4.874 | 2.489.195 | 49.784 | 2.539.995 | 50.800 | 142.011 |
| RESPONS. PARQUE MÓBIL | 3.266.716 | 62.068 | 3.266.716 | -6.533 | 3.336.788 | 66.736 | 3.404.886 | 68.098 | 190.368 |
| TÉC. ESP. TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN | 2.436.922 | 46.302 | 2.436.922 | -4.874 | 2.489.195 | 49.784 | 2.539.995 | 50.800 | 142.011 |
| TÉC. ESP. LABORATORIO | 2.794.076 | 53.087 | 2.794.076 | -5.588 | 2.854.010 | 57.080 | 2.912.255 | 58.245 | 162.825 |
| TÉC. ESP. AA DEPORTIVAS | 2.794.076 | 53.087 | 2.794.076 | -5.588 | 2.854.010 | 57.080 | 2.912.255 | 58.245 | 162.825 |
| TÉC. ESP. SERVICIOS XERAIS | 2.436.922 | 46.302 | 2.436.922 | -4.874 | 2.489.195 | 49.784 | 2.539.995 | 50.800 | 142.011 |
| TÉC. ESP. BIBLIOTECA | 2.436.922 | 46.302 | 2.436.922 | -4.874 | 2.489.195 | 49.784 | 2.539.995 | 50.800 | 142.011 |
| GRUPO IV | | | | | | | | | |
| AUXILIAR TÉC. DE SERVICIOS XERAIS | 2.076.952 | 39.462 | 2.076.952 | -4.154 | 2.121.504 | 42.430 | 2.164.800 | 43.296 | 121.034 |
| AUXILIAR TÉC. DE INSTAL. DEPORTIVAS | 2.076.952 | 39.462 | 2.076.952 | -4.154 | 2.121.504 | 42.430 | 2.164.800 | 43.296 | 121.034 |
| OFICIAL LABORATORIO | 2.292.517 | 43.558 | 2.292.517 | -4.585 | 2.341.692 | 46.834 | 2.389.482 | 47.790 | 133.596 |
| TELEFONISTA | 2.076.952 | 39.462 | 2.076.952 | -4.154 | 2.121.504 | 42.430 | 2.164.800 | 43.296 | 121.034 |
| GRUPO V | | | | | | | | | |
| MOZO SERVICIO | 2.000.471 | 38.009 | 2.000.471 | -4.001 | 2.043.382 | 40.868 | 2.085.084 | 41.702 | 116.577 |
| LIMPADORA | 1.869.746 | 35.525 | 1.869.746 | -3.739 | 1.909.853 | 38.197 | 1.948.830 | 38.977 | 108.959 |

***Retribucións complementarias***

Logo da aprobación da R.P.T. do ano 2000, un dos compromisos pendentes de negociación e acordo, refirese a actualización, homoxenización e homologación dos pluses. Por otra parte a definición dos pluses e a táboa que se fai no convenio en vigor, e a súa concreción práctica na R.P.T. do ano 97, especialmente o **plus ó posto**, non permite facer unha comparación homoxénea e satisfactoria entre as retribucións complementarias das distintas categorías do persoal. Parece pois convinte, redefinir os pluses, eliminando canto menos do plus ó posto, a retribución correspondente a xornada distinta a ordinaria, establecendo un plus específico para a xornada partida, a permanecia, a disponibilidade e o traballo en sábados e festivos.

Por outra parte, no que respecta a homoxenización e homologación, aproveitando que na MESA DE RETRIBUCIÓNS está representado o P.A.S. funcionario e laboral, deberemos homoxeneizar as retribucións dos postos de persoal laboral, en primeiro lugar, e logo, homologalos cos de persoal funcionario.

Na táboa seguinte reflictense os salarios por categorías de persoal laboral e funcionario.

| Posto/categoría | G | Plus | Total anual | Posto | G/N | Total anual |
|---|---|---|---|---|---|---|
| DIREC. SS. INFORMÁTICOS | I | C | 5.826.505 | XEFE SERVICIO | A28 | 5.562.790 |
| ANALISTA | I | G | 4.705.858 | XEFE SECCIÓN | A25 | 4.650.249 |
| TÉC.SUP. AA. DEPORTIVAS | I | N | 4.203.374 | ADMINSTRADOR DE CENTRO | A26 | 4.968.330 |
| TÉC. SUP. AA. CULTURAIS | I | | 3.823.669 | POSTO BASE | A22 | 4.064.223 |
| TÉC. SUP. RR. INTERNACIONAIS | I | | 3.823.669 | XEFE SERVICIO | B28 | 5.214.601 |
| TÉC. SUP. OFICINA I+D | I | | 3.823.669 | ADMINSTRADOR DE CENTRO | B26 | 4.620.141 |
| TIT. SUP. MICROSCOPÍA | I | N | 4.203.374 | XEFE SECCIÓN | B25 | 4.302.060 |
| TIT. SUP. ANÁLISE INSTRUMEN | I | N | 4.203.374 | XEFE ÁREA BIBLIOTECA | B23 | 3.905.509 |
| TIT. SUP. TELEDETECCIÓN | I | | 3.823.669 | XEFE DE ÁREA | B22 | 3.716.033 |
| TÉC. SUP. PREVENCIÓN | I | | 3.823.669 | POSTO BASE | B20 | 3.377.940 |
| TÉ. SUP. SERV. XERAIS INVEST | I | | 3.823.669 | XEFE SECCIÓN | C25 | 3.804.745 |
| ENXEÑEIRO TÉCNICO | II | N | 3.585.927 | XEFE DE ÁREA | C24 | 3.597.571 |
| XESTOR AA. CULTURAIS | II | | 3.206.222 | SECRETARÍA RECTOR | C22 | 3.218.718 |
| TÉC. ESP. INFORMÁTICA | III | G | 3.472.984 | RESP. AA. EE. XERENCIA | C20 | 2.880.625 |
| TÉC. ESP. INFORMÁTICA | III | J | 3.125.539 | XEFE NEGOCIADO | C20 | 2.880.625 |
| TÉC. ESP. XARDINERÍA E ZONA | III | | 2.590.795 | SECRETARÍA DTO | C18 | 2.729.375 |
| RESPONS. PARQUE MÓBIL | III | G | 3.472.984 | POSTO BASE | C16 | 2.613.683 |
| TÉC. ESP. TRANSPORTE E DIST | III | | 2.590.795 | RESP. AA. EE. XERENCIA | C14 | 2.497.880 |
| TÉC. ESP. LABORATORIO | III | N | 2.970.500 | XEFE NEGOCIADO | D20 | 2.615.117 |
| TÉC. ESP. AA. DEPORTIVAS | III | N | 2.970.500 | SECRETARÍA DTO | D18 | 2.463.867 |
| TÉC. ESP. SERVICIOS XERAIS | III | | 2.590.795 | POSTO BASE | D16 | 2.348.175 |
| TÉC. ESP. BIBLIOTECA | III | | 2.590.795 | PORTEIRO MAIOR | D14 | 2.232.372 |
| AUXILIAR TÉC. DE SERVICIOS X | IV | | 2.208.096 | POSTO BASE | E14 | 2.128.685 |
| AUXILIAR TÉC. DE INSTAL. DEP | IV | | 2.208.096 | POSTO BASE | E12 | 2.012.882 |
| OFICIAL LABORATORIO | IV | Q | 2.437.272 | | | |
| TELEFONISTA | IV | | 2.208.096 | | | |
| LIMPADORA | V | | 1.987.807 | | | |

# NEGOCIACIÓN DO CONVENIO

A punto de rematar os procesos de transformacións de categorías creadas na R.P.T. do ano 2000, e constituída a MESA DE RETRIBUCIÓNS, é mester xa, continua-lo proceso de negociación do Convenio Colectivo instando a Xerencia para que convoque de novo a mesa de negociación do mesmo.

O PACTO para a execución da R.P.T. de 2000, asinado pola Xerencia e os sindicatos presentes no Comité Intercentros (C.I.G., CC.OO. e U.G.T.) o 27 de novembro pasado facilitou o proceso de transformación das categoráis decalaradas a extinguir, acordos posteriores para a provisión de vacantes permitiron a provisión provisional das vacantes resultantes da nova R.P.T. e a constitución e negociacións que mantemos na MESA DE RETRIBUCIÓNS permitirán establecer un novo cadro retributivo que debe formar parte do novo Convenio Colectivo.

Fixados pois, os criterios para a selección e provisión de postos de traballo, que despexan os atrancos que dificultaban o acordo na negociación colectiva no final do ano 99, e constituída a MESA DE RETRIBUCIÓNS, aconsellan reanudar as negociacións que nos permitan dispor dun novo convenio colectivo antes de que remate o presente ano.